

Estimada familia,

O Departamento de EF, como en cursos anteriores, organiza a SEMANA BRANCA, unha actividade que pretende dar a oportunidade ao alumnado de 3º da ESO, de practicar unha modalidade deportiva diferente, o ESQUÍ. Dita viaxe xa se realizou nos cursos 18-19, 19-20, 21-22 e 22-23 con moito éxito no noso centro.

Realizaremos a viaxe con **Viaxes Sierra**, axencia especializada en esquí de Galicia, con máis de 25 anos de experiencia na organización deste tipo de viaxes escolares, e tras valorar o prezo e sobre todo, a calidade dos seus servizos.

DATOS XERAIS DA VIAXE:

- Estación de esquí: GRANDVALIRA (Sector Soldeu el Tarter). **ANDORRA**
- Aloxamento: Hotel Comptes 3* ou Espel 3* (Andorra La Vella).
- Datas: do **27 de xaneiro ao 03 de febreiro de 2024**
- Prezo Viaxe: **610 euros.**
- Saída: sábado 27 de xaneiro, ás 23:30 horas aprox.
- Chegada: sábado 3 de febreiro, ás 9:00 aprox.

O PREZO DA VIAXE INCLÚE: *viaxe en autobús, traslados diarios a pistas, estancia hotel 5 noites en MP (almorzo e cea), 5 comidas buffet restaurantes pistas, 5 días de forfait (remontes), 2 h diarias de clases con monitores especializados, aluguer do material de esquí (incluído casco), aluguer gaiola ao pé de pistas para deixar material, petos deportivos, seguro de viaxe, esquí e accidentes, asistencia de guía monitor durante toda a estancia, entrada a centro termolúdico CALDEA (2h),...*

Para poder financiar parte do prezo, o alumnado poderá vender rifas (gratuitas).

O PREZO DA VIAXE NON INCLÚE: *O alumnado con 16 anos na data da viaxe terá que aboar 7,85€ en concepto de taxa turística do hotel (ingresarán 157,85€ no primeiro prazo en lugar de 150€).*

Seguro opcional de cancelación por causas moi xustificadas por importe de 25€ (a ingresar coa reserva).

MODOS DE PAGAMENTO:

- A. **2 PRAZOS:** *150 euros en concepto de reserva antes do 27 de outubro de 2023 e os 460 euros restantes antes do 12 de xaneiro de 2024.*

A conta para realizar o primeiro pago é a seguinte:

Concepto: ANDORRA + Nome, apelidos alumn@ e curso

Nº CC IES Rego de Trabe: ES42 0049 2970 8122 1401 9011

Nota: *deberán entregar no departamento de EF unha copia do xustificante bancario de pago, así como do compromiso das familias para a realización da viaxe asinado.*

- O **luns 9 de outubro, ás 18:15** celebraremos unha reunión informativa no Salón de Actos.

Un cordial saúdo,

Departamento de EF e Vicedirección do IES Rego de Trabe

En Culleredo, a 4 de outubro de 2023